

## CEIDA: Un Centro de referencia para a Educación Ambiental en Galicia

Carlos Vales

*Director do Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA)*

### Introducción

O CEIDA é o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia. O nome pode prestarse a confusión, na medida en que non coincide coas siglas. Efectivamente, o CEIDA naceu no ano 1989 como o Centro de Educación, Información e Divulgación Ambiental, dependente da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, e pasou a ter o seu perfil actual no ano 1997, como o resultado dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, a Universidade da Coruña e o concello de Oleiros, co fin de fomentar a Educación Ambiental en Galicia, en todas as súas múltiples vertentes, incluíndo a información, a divulgación e a comunicación, así como co fin de colaborar coas persoas, cos colectivos e coas institucións que procuran uns fins similares. Entre os seus obxectivos específicos están a promoción da formación ambiental de todos os sectores sociais, nomeadamente de aqueles cuxas actividades teñen un maior impacto sobre o medio ambiente; o establecemento dun fondo documental sobre medio ambiente ao servizo dos investigadores, dos divulgadores, do estudantado e do conxunto da cidadanía; o desenvolvemento de programas de Educación Ambiental específicos; e a dinamización da Educación Ambiental en Galicia. O convenio que dá lugar á versión actual do centro, a través da creación dun consorcio entre as tres institucións promotoras, define os seguintes obxectivos:

*“O Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) nace coa finalidade de proporcionar un marco adecuado para a difusión cultural e o intercambio científico e, en particular, para a Educación Ambiental,*

*unificando criterios e pautas comúns de acción, favorecendo a formación e información entre particulares, grupos, asociacións e entidades, fomentando a investigación, ofertando asesoramento e levando a cabo una adecuada labor de documentación".* É dicir, as funcións que debe cumprir o CEIDA: o intercambio científico, a educación ambiental, a formación, a información, a investigación, o asesoramento e a documentación, son amplísimas, e o campo en que o centro pode traballar, de acordo co seu marco fundacional, é moi amplo.

Do convenio de colaboración entre as tres institucións resaltaremos outros dous aspectos. Por un lado, define o compromiso de establecer un sistema de recollida de información ambiental co fin de crear un fondo documental e un banco de datos ambientais que permita difundir todo tipo de documentación. Por outro lado, propón fomentar a formación ambiental a todos os niveis, quer de especialistas, técnicos e profesionais, quer do público en xeral, e complementar as actividades no ámbito da Educación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, o concello de Oleiros e a Universidade da Coruña. Destacamos os aspectos de documentación e de formación porque definen boa parte das funcións que un centro de referencia debe cumprir con respecto ás características doutros equipamentos de Educación Ambiental (VALES e SERANTES, 1998).

## Antecedentes

---

O proxecto de crear o CEIDA como un centro de Educación Ambiental de Galicia ten a súa orixe no ano 1989, en que o concello de Oleiros lle cede o castelo de Santa Cruz á Xunta de Galicia, que constitúe o Centro de Educación, Información e Divulgación Ambiental de Galicia, que pasa a depender da Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, da Consellería de Agricultura (entón, aínda non existía Consellería de Medio Ambiente). O concello de Oleiros tiña conseguido facerse coa propiedade do castelo e da illa de Santa Cruz no ano 1989, despois dun longo contencioso co Ministerio do Exército, o anterior propietario, que o tiña posto á venda cando as instalacións lle deixaran de ser útiles como unha residencia de veraneo para os orfos da Armada, un fin para o cal lle fora cedido pola súa última propietaria, a filla da escritora Emilia Pardo Bazán e a esposa do Marqués de Cavalcanti, quen fora o primeiro ministro no goberno da ditadura de Primo de Rivera. Os usos a que o concello de Oleiros propuxo destinar o castelo de Santa Cruz hai que os entender no contexto da época, cun goberno municipal cunha gran sensibilidade ambiental (véxase, por exemplo, IGLESIAS DA CUNHA, 1999), e coa referencia subministrada por outras iniciativas similares postas en marcha naquela época. Efectivamente, o Estado español

tiña promovido, en 1987 a creación do CENEAN, o Centro Nacional de Educación Ambiental na Natureza, dependente do ICONA-Ministerio de Agricultura, con sede nos montes de Valsáin, nas proximidades de Madrid. O CENEAN ten a súa orixe intelectual nas recomendacións das reunións internacionais de Educación Ambiental que aconsellaban crear centros de referencia, capaces de dinamizar, de implementar e de mellorar a eficacia das distintas iniciativas de EA existentes no seu ámbito territorial (UNESCO, 1977).

O CEIDA era un intento de reproducir o modelo CENEAN no ámbito galego mais, aínda que se gastaron cuantiosos recursos económicos no acondicionamento das instalacións e na dotación destas, nunca chegou a funcionar de forma homologable co seu modelo de referencia. Varios factores axudan a explicar que non se cumprisen os obxectivos para os que se tiña creado o centro. Por unha banda, o feito de que o CEIDA tivese a súa sede nunha illa a que só se podía acceder por barca ou camiñando durante a marea baixa, restaba operatividade ás instalacións. Outro factor, sen dúbida determinante, foi que o centro non fose dotado de persoal propio; por contra, pasou a depender do Servizo Provincial de Conservación da Natureza da Consellería de Agricultura, o que evitou que se xestionase un programa de obxectivos, de funcionamento e de actividades de forma autónoma. Seguramente, como factor central, funcionou o feito de

que a EA non fose visualizada polos responsables do proxecto como un elemento relevante da xestión ambiental global. Como consecuencia, e tras uns anos de existencia anódina, o concello de Oleiros denuncia, no ano 1996, o incumprimento das condicións da cesión do castelo de Santa Cruz e a necesidade de reformulación do proxecto do centro de referencia de Educación Ambiental de Galicia. Como o resultado das xestións posteriores, o CEIDA establécese baixo unhas novas bases e pasa a funcionar como un consorcio participado pola propia Xunta de Galicia, mais ao que se incorporan o concello de Oleiros e unha institución que, pola súa relevancia científica, cultural e social, debería axudar a garantir a viabilidade do proxecto, a Universidade da Coruña.

1989	(12 de Abril): O Concello de Oleiros adquire o Castelo de Santa Cruz.
1989	(14 de Decembro): O Concello de Oleiros cede o Castelo á Xunta de Galicia para a creación do Centro de Educación, Información e Divulgación Ambiental de Galicia.
1997	A Consellería de Medio Ambiente, a Universidade da Coruña e o Concello de Oleiros crean un consorcio para a promoción da Educación Ambiental e o intercambio cultural e científico en relación ao medio ambiente. Nace o actual CEIDA.
2001	Comeza o actual proxecto de dirección e xestión.

Cardo 1: Historia do proceso de posta en marcha do CEIDA

## O novo proxecto

---

A pesar de que o consorcio se constituíu no ano 1997, o proxecto dun centro de referencia para a Educación Ambiental en Galicia non termina de coller forma. Despois de diferentes vicisitudes, o Consello de Dirección decide facer unha convocatoria pública dunha praza de director, que inclúe a necesaria presentación dunha alternativa dun proxecto de xestión para o centro, a comezos do ano 2001. Despois do proceso de selección, esta praza é adxudicada a finais do mes de xullo dese ano. O proxecto de xestión aprobado inclúe criterios de traballo nas áreas que un centro de referencia de EA debe cubrir, ao tempo que fai propostas para tirar proveito das especiais condicións das instalacións do castelo de Santa Cruz, como contar con salas de exposicións, ou estar situado nun emprazamento privilexiado, nun castelo declarado ben de interese cultural, que foi a residencia da escritora Emilia Pardo Bazán, e que conta cun contorno natural excepcional, nunha illa próxima á beiramar (VALES, 2003). Un primeiro obxectivo foi o de tirar proveito dese emprazamento privilexiado, promovendo un uso o máis intensivo posible das instalacións, a través da elaboración e da instalación de recursos interpretativos e didácticos, e da promoción de actividades e de programas de Educación Ambiental relacionados co edificio, coa illa e co seu contorno. Estas actividades comezaron a se realizar desde

o mesmo momento da posta en marcha do proxecto. Como un exemplo sinalaremos o programa de visitas guiadas desenvolvidas no período 2001-2002.

## Programa de visitas guiadas do CEIDA

---

Realizadas por centros de ensino (centros universitarios, ensino medio, primaria, intercambios, actividades educativas non-formais e de lecer)

### VISITAS DE VERÁN

Destinadas para grupos concertados (campamentos etc.) e para grupos de participantes nas “Visitas guiadas polo castelo”

### VISITAS ESPECIALIZADAS

Para centros de formación ou para cursos especializados (programas de formación turística e de medio natural, educación ambiental e interpretación do patrimonio)

### VISITAS DE “PORTAS ABERTAS”

Actividades de animación cultural desenvoltas por asociacións locais do contorno de Santa Cruz, que se desenvolven no castelo


### OUTRAS VISITAS

En calquera caso, cando o proxecto se pon en marcha a finais do 2001, deberá facer fronte a limitacións e a dificultades estruturais. Así, o centro contaba con moi pouco persoal, para ser exactos

o director e o xardineiro, e comeza a funcionar para cumprir os obxectivos que son moi ambiciosos con limitacións orzamentarias.

De todos estes datos, o máis relevante que cómpre destacar é que, nun primeiro momento, nos anos 2001 e 2002 o funcionamento do centro dependeu en exclusiva do director, do administrativo e dun técnico de Educación Ambiental. Tamén cómpre resaltar que, se alguén apostou desde o primeiro momento porque o proxecto fose adiante, foi o concello de Oleiros. De feito, as actividades que se desenvolveron no primeiro período foron, en boa medida, posibles porque o concello, nos momentos en que o CEIDA era moi débil en recursos humanos, ofreceu persoal, contratado polo propio concello en base a programas de inserción laboral da comunidade autónoma. A táboa non identifica as persoas -seis- que, na actualidade, sen estaren contratadas directamente polo CEIDA, desenvolven as actividades de educación e de información ambiental vinculadas aos programas do centro.

	Grupos		Público visitante	
	2001	2002	2001	2002
VISITAS DE CENTROS	4	18	170	712
VISITAS DE VERÁN	8	36	298	811
VISITAS ESPECIALIZADAS	3	4	120	118
VISITAS "PORTAS ABERTAS"	1	1	600	800
OUTRAS VISITAS	6	2	164	86
TOTAL	22	61	1352	2527
<b>TOTAL PERÍODO</b>	<b>83</b>		<b>3879</b>	



	2001	2002	2003	2004	2005	2006
Persoal do CEIDA (1)	2	3	7	15	13	11
Persoal da Universidade da Coruña (2)	2	2	2	2	1	1
Persoal do Concello de Oleiros (3)	1	7	8	1	1	1
Persoal en prácticas (4)	1	5	2	7	4	4
Persoal da Consellería de Educación	0	0	0	0	0	1

(1) Inclúe director, administrativo, técnico ambiental, monitores de educación ambiental, documentalistas e persoal de mantemento.

(2) Inclúe xefe de área de Extensión Universitaria e becario en Documentación.

(3) Inclúe unha persoa de mantemento e monitores de educación ambiental.



(4) Estancia no CEIDA para a realización de proxectos de aprendizaxe de fin de estudos, colaborando nas tarefas do centro. Duración entre 1 e 3 meses. Persoal procedente das universidades da Coruña, de Santiago de Compostela, de León, da Autónoma de Barcelona, da Universidade Alfonso X El Sabio de Madrid, da Escuela de Organización Industrial (Madrid) e do CEFA Alta Montaña.

Táboa 1. Evolución dos recursos humanos do CEIDA.

No aspecto orzamentario, os datos subministrados polas gráficas que achegamos permiten resaltar varios aspectos relevantes (Táboas 2 e 3). Por unha banda, os recursos económicos foron moi escasos nos primeiros anos e só o feito de dispor dun remanente inicial posibilitou que se levase a cabo unha programación de actividades mínima. Por outra, o crecemento continuado no orzamento foi debido, non a un aumento das achegas económicas dos membros do consorcio do CEIDA, senón a un incremento dos recursos externos conseguidos a través de convenios de colaboración con outras institucións e entidades. Este factor, ten a vantaxe engadida de abrir portas para que o centro sexa cada vez máis autónomo desde o punto de vista financeiro.

## As actividades

No cadro que achegamos recóllese o resumo das actividades realizadas no período, agrupadas en actividades de formación e divulgación, exposicións e programas de Educación Ambiental. O apartado de formación e de divulgación ambiental inclúe as actividades divulgativas, en que se engloban as palestras de carácter ambiental impartidas por expertos convidados polo CEIDA e as actividades formativas, que engloban, á súa vez, unha gran tipoloxía de formatos, en que se inclúen os cursos, os seminarios, os obradoiros e as reunións internacionais. Os contidos, igual que acontece cos formatos, reflicten o espectro da preocupación ambiental, incluíndo a problemática da auga, a xestión dos residuos, a biodiversidade etc. Unha relación detallada destas actividades formativas pódese consultar no sitio web do CEIDA ([www.ceida.org](http://www.ceida.org)).



Táboa 2-3: Evolución dos orzamentos: a anual e según as fontes de financiamento

Tipo de Actividade	Nº
Cursos de xestión de Centros de EA	3
Cursos e Seminarios de teoría e práctica da EA	5
Cursos sobre recursos para a EA	15
Cursos de interpretación do patrimonio e Formación de guías	9
Grupo de Traballo sobre calidade dos equipamentos de EA	1

Cadro 2: *Relación de actividades de formación para educadores ambientais 2001-2006*

Dada a vocación do centro, un dos seus obxectivos formativos centrais deben ser os propios educadores ambientais, da mesma maneira que debe ser unha institución capaz de facer fronte ás demandas xeradas por problemas ambientais de especial relevancia ou actualidade. A título de exemplo, recollemos as actividades formativas dirixidas aos educadores ambientais e, tamén, as actividades desenvolvidas sobre a mobilización da conciencia ambiental provocadas pola catástrofe do petroleiro Prestige (Cadro 4).

Consideramos relevante sinalar que nos programas de Educación Ambiental participaron máis de 22.000 persoas, nas actividades formativas máis de 6.000 e que, no total das actividades programadas, levan participado máis de 100.000 persoas. En todas estas actividades os relatores procedían dunha gran cantidade de países como aparece reflectido no mapa que segue.

Tipo de Actividade	Nº
CONFERENCIAS DIVULGATIVAS O Prestige, as marés negras e as súas consecuencias ambientais	10
CURSOS Formación de voluntarios en manexo de aves petroleadas Seguridade do tráfico marítimo	2
SEMINARIOS TÉCNICOS Programa de fomento da cooperación científica sobre o Prestige. Grupos de traballo das universidades da Coruña, Barcelona, Castellón e Santiago de Compostela. Impactos das mareas negras nas aves mariñas. Royal Netherlands Institute for Sea, Sea Alarm Foundation, Universidade da Coruña.	2
EXPOSICIÓNS Marea Negra. Fotografías de Federico García Cabezón Cusindo a Barlovento. Fotografías de Manuel Sendón Prestige, crónica negra dun modelo enerxético insostible. CEIDA e Fundación Territori i Paisatge	3

Cadro 4: *Actividades en relación co Prestige*


Outro aspecto que cómpre resaltar é que todas estas actividades se puideron realizar pola colaboración con entidades de moi diverso tipo, que inclúen as organizacións ambientalistas, quer de carácter galego quer de carácter internacional, as diferentes administracións que están directamente vinculadas ao CEIDA, incluíndo o Ministerio de Medio Ambiente e outras consellerías diferentes da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, outras entidades locais como é a Deputación da Coruña ou o Consorcio das Mariñas, empresas como o Grupo Gadisa, co cal

	Número de actividades						Número de participantes					
	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2001	2002	2003	2004	2005	2006
Actividades de formación e divulgación ambiental	8	29	32	30	21	31	445	1.140	1.210	1.393	769	1.415
Exposicións	1	5	5	10	11	9	880	5.400	11.686	14.675	18.577	21.528
Programas de educación ambiental	22	61	169	151	194	151	1.352	2.527	3.150	5.664	6.389	3.771
Total	31	95	206	191	226	191	2.677	9.067	16.046	21.732	25.735	20.834

Táboa 4: Evolución do número de actividades e de participantes

	Nº de actividades	Nº de participantes
Actividades de formación e divulgación ambiental	151	6.372
Exposicións	41	72.746
Programas de educación ambiental	748	22.853
Total	940	101.971

Táboa 5: Síntese do número de actividades e participantes



Mapa 1. Países de orixe de conferenciantes e relatores no período 2001-2006

temos unha liña de colaboración estable moi frutífera, universidades como as outras universidades galegas, a Universidade Internacional Menéndez Pelayo etc. No período 2001-2006 colaboraron máis de 70

entidades diferentes, o que significa que se tecen redes, que se crean sinerxías e que se intenta involucrar a amplos sectores no traballo pola defensa do medio ambiente.

En definitiva, ao longo destes anos fomos traballando nunha serie de ámbitos que incluían a información e a comunicación ambiental, os programas específicos de Educación Ambiental, o CEIDA como punto de encontro (é dicir, non só as actividades que nos promovemos, senón o ofrecemento das nosas instalacións a grupos ecoloxistas, a grupos científicos, a calquera colectivo que estea a traballar por un tema ambiental concreto e a axuda no desenvolvemento do seu traballo), ou en colaboración coa Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Comunicación da Universidade da Coruña na promoción da cultura ambiental.

## Liñas de traballo

---

No momento actual, as liñas principais de traballo do CEIDA son as seguintes:

### 1. **Problemas ambientais globais**

*Cambio climático:* estamos a producir unha exposición sobre o cambio climático en colaboración co Instituto Enerxético de Galicia (INEGA), o Ministerio de Medio Ambiente e o Centro Nacional de Educación Ambiental (CENEAM).

*Biodiversidade:* estamos a colaborar coa administración autonómica, mediante uns seminarios que procuramos que sexan de primeiro nivel, na formación e na cualificación do persoal técnico e

dos xestores dos parques e dos espazos protexidos galegos. Desenvolvemos campañas destinadas a que a sociedade comprenda a importancia de ter espazos naturais protexidos e de os conservar ben. Colaboramos, así mesmo, na identificación das debilidades do noso sistema de protección: por exemplo o Programa Amares, que xurde para a promoción da creación de reservas mariñas nun programa entre a Consellería de Pesca e Recursos Mariños e a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, en colaboración co CEIDA e coa Fundación Territori i Paisatge.

### 2. **Políticas e prácticas de sustentabilidade**

para colaborar na posta en marcha de Axendas 21 Locais, para asesorar concellos ou para colaborar en procesos de xestión do lixo etc.

### 3. **Problemas ambientais emerxentes/urxentes**

*Protección do litoral,* temos un compromiso coa Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e coa Universidade da Coruña para a protección do litoral galego, moi ameazado pola especulación urbanística.

*Incendios e política forestal,* neste tema estamos comezando a deseñar toda unha liña de traballo sistemática que colabore no deseño dunha política forestal máis axeitada.

## Novas áreas

---

Turismo, un sector emerxente e que ten moito que ver co medio ambiente, en colaboración coa Dirección Xeral de Turismo.

Educación ambiental formal, porque a Consellería de Educación nos transferiu un profesor que está a traballar aquí, dedicado a desenvolver novas liñas de traballo conxuntamente co sistema educativo, unha das eivas que tiña o traballo do CEIDA como un centro de referencia.

Cooperación cos colegas doutros países con vinculacións culturais e sentimentais enormes, non só os países de lingua portuguesa, cos cales a orixe común da nosa lingua xa crea motivos de colaboración, senón tamén países cos cales existen lazos históricos como os países latinoamericanos.

A marcha do traballo ao longo destes anos fixo que o organigrama do CEIDA actual se constrúa sobre catro bases: a documentación, a Educación Ambiental, a formación e cooperación, con equipos de persoas especializados en cada unha delas: documentalistas por unha parte, educadores ambientais por outra, xente con experiencia en organizar seminarios e cursos, e responsables de xestionar a cooperación, que ten unha meta marcada a curto prazo, a colaboración na organización do primeiro

Congreso Lusófono-galaico de Educación Ambiental, unha proposta que naceu en Brasil no último Congreso Iberoamericano de Educación Ambiental, onde se decidiu que o organizase Galicia no 2007.

## O CEIDA como Centro de Documentación Ambiental

---

Como se sinalou con anterioridade, algunha das características que permiten diferenciar un centro de referencia doutros equipamentos de Educación Ambiental son o seu papel como centro de documentación e as actividades de formación, particularmente dos propios educadores ambientais. Canto á documentación, o CEIDA puido aproveitarse, desde a posta en marcha do proxecto de xestión, da existencia previa dun xerme de centro de documentación ambiental promovido polo concello de Oleiros, que se ofreceu a transferir ese centro documental ao CEIDA. Con esta base inicial e coa colaboración da Universidade da Coruña, que convocou unha bolsa para un documentalista en prácticas en réxime de media xornada, comezamos a traballar no ano 2001. A evolución desde ese momento ata a actualidade, un momento en que o centro de documentación conta con dous documentalistas e cun biólogo de apoio, recóllese nas gráficas e nas táboas que achegamos.

**Os fondos documentais**  
**Decembro 2006**

reciben periodicamente na actualidade un total de 34. A evolución dos fondos da hemeroteca pódese observar na Figura 5.

**Monografías**

A finais do ano 2006 contase con 3623 rexistros na base de datos

Como se observa, houbo un descenso no número de revistas recibidas no último ano, con motivo do cese da publicación dalgunha delas.

A gráfica mostra este crecemento regular (Figura 4)

Ademais desta cantidade de revistas catalogadas, no centro de documentación existe un amplo fondo, con 235 exemplares, de números soltos de publicacións periódicas.

**Revistas**

No centro de documentación pódense achar un total de 120 publicacións periódicas catalogadas, das cales se




Figura 4 : Evolución do número de monografías catalogadas




Figura 5: Evolución das revistas recibidas periódicamente

### Artigos baleirados

O baleirado dos artigos comeza a facerse de xeito continuado a partir do 2003.

Na Figura 6 pódese apreciar o aumento rexistros de artigos baleirados durante os últimos anos, un total de 9259:

### Audiovisuais

A catalogación do material audiovisual e multimedia fíxose de xeito esporádico ata o ano 2005, a data de incorporación do persoal estable ao centro de documentación. Na gráfica (Figura 7) pódese observar o aumento considerable neste tipo de fondos, formado a finais do 2006 por 557 títulos:

### Literatura gris

Aínda que é un tipo de material de gran valor debido ao seu difícil acceso, non se considerou prioritario por existiren outros tipos de soportes máis demandados. Catalogouse de forma interrompida a comezos do ano 2005, e retomouse o seu tratamento no segundo semestre, cun

total de 732 documentos catalogados a finais do ano 2006.

### Recursos electrónicos

No ano 2005 comezouse a xestión dos recursos electrónicos, dado que é cada vez maior o número de entidades que optan por este formato á hora de divulgar as súas publicacións. O número total de documentos electrónicos catalogados a finais do 2006 ascendeu a 369 rexistros.

A situación actual dos fondos do centro de documentación resúmese na táboa 5.

Ademais destes fondos, desde maio do 2006 editase un boletín electrónico mensual de novidades, de maneira que todas as persoas e as institucións interesadas poden recibir no seu correo electrónico, ou consultar a través do sitio web, as novidades que o CEIDA vai recibindo e vai catalogando. Este boletín leva, ademais, unha páxina inicial introdutoria dedicada a algunha personalidade relevante no ámbito do medio ambiente. Así, dos 6 boletíns que




Figura 6: Evolución de artigos baleirados




Figura 7: Evolución do material audiovisual catalogado

RELACIÓN DE FONDOS	
Monografías.....	3617
Revistas .....	118
(das cales se reciben periodicamente 34)	
Artigos baleirados.....	9229
Audiovisuais .....	547
Literatura gris.....	732
Cartografía.....	80
Recursos electrónicos.....	360

Táboa 5: *Relación de fondos do Centro de Documentación*

se levan publicado, o primeiro foi dedicado ao persoeiro que lle dá nome ao centro de documentación, Domingo Quiroga, que foi o primeiro presidente da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA), e un experto internacional na defensa dos recursos mariños e da pesca artesanal. Outros persoeiros a que se dedicou foron: Luís Freire, que foi presidente da Sociedade Galega de Historia Natural e un dos grandes expertos en fungos de Galicia; e Paul R. Ehrlich, un dos pais da conciencia ambiental mundial. Os outros tres foron dedicados a institucións: ADEGA, Sociedade Galega de Historia Natural e UICN.

Tamén, desde hai dous meses, a través dun acordo coa Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, edítase un boletín específico de información de temas mariños, dentro do Programa Amares, que se envía a todos os departamentos vinculados ao sector pesqueiro en Galicia: administracións, confrarías, técnicos etc.

Así mesmo, o centro de documentación pertence á Rede de Centros de Información e Documentación Ambiental (RECIDA) do Estado español, coordinado polo Centro Nacional de Educación Ambiental do Ministerio de Medio Ambiente.

Adicionalmente, o centro de documentación conta cunha liña de publicacións, que xa vén desde as orixes do centro, e que inclúe recursos para a Educación Ambiental (Meira, 1998 e Fernández Naval, 1999), para as investigacións e os exemplos de boas prácticas (IGLESIAS, 1999 e CARIDE, 2000) e para a cooperación internacional (VALDÉS, 2000). A partir do 2001 prodúcese tres novas incorporacións á colección, un itinerario ambiental (CEIDA, 2002), e outros dous referidos a equipamentos (Serantes, 2005) e a interpretación do patrimonio (TILDEN, 2006).

## Para rematar

---

Cales serían os desafíos pendentes? A consecución da estabilidade institucional; a organización de programas de Educación Ambiental ambiciosos e estables no tempo, que permitan, ademais, o proceso de “expertizaxe” do persoal adscrito ao centro, ao tempo que demostran a súa utilidade social; a capacidade de dimensionar o equipo humano do CEIDA ás novas demandas; a consecución dun incremento dos recursos económicos,

mais que este non dependa das achegas dos socios do consorcio, e a definición de maneira explícita, da utilidade que o centro ten para as institucións que o avalan. Na medida en que eses obxectivos se consigan, a aposta do actual proxecto de xestión do CEIDA por conseguir que a Educación Ambiental sexa un instrumento social útil para facer fronte á crise ambiental, tanto global como no ámbito galego, na liña do marco conceptual que sustenta o noso traballo (MMA, 1999 e Xunta de Galicia, 2000), estaría garantida.

## BIBLIOGRAFIA

- CARIDE, J.A., 2000. *Estudar Ambientes. A Análise de Contextos como Práctica Educativo-ambiental*. Centro de Documentación Domingo Quiroga, Oleiros, A Coruña.
- CEIDA, 2001. *Itinerario Ambiental pola Illa de Santa Cruz*. Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia, Castelo de Santa Cruz, Oleiros.
- FERNANDEZ NAVAL, F.X., 1999. *O Mundo da Pesca na Literatura Galega*. Centro de Documentación Domingo Quiroga, Concello de Oleiros.
- IGLESIAS DA CUNHA, L. 1999. *A Educación Ambiental nos Concellos. A Experiencia de Oleiros*. Centro de Documentación Domingo Quiroga, Oleiros, A Coruña.
- MEIRA CARTEA, P. 1998. *Educación Ambiental. Fontes e Recursos Documentais*. Centro de Documentación Domingo Quiroga, Oleiros, A Coruña.
- MMA, 1999. *Libro Blanco de la Educación Ambiental en España*. Secretaría General de Medio Ambiente, Ministerio de Medio Ambiente, Madrid.
- SERANTES PAZOS, A. 2005. *Guía dos Equipamentos para a Educación Ambiental na Galiza*. Documentos de Educación Ambiental do CEIDA nº1. Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia, Oleiros, A Coruña.
- TILDEN, F. 2006. *Interpretación del Patrimonio*. AIP, CEIDA e Caja de Burgos, Sevilla.
- VALDÉS, O. 2000. *A Educación Ambiental para o Desenvolvemento Sostible nas Montañas de Cuba*. Centro de Documentación Domingo Quiroga, Oleiros, A Coruña.
- VALES, C. 2003. "El Centro de Extensión Universitaria y Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA): un modelo original de Centro de Educación Ambiental". En *IV Congreso Iberoamericano de Educación Ambiental*. La Habana, Cuba.
- VALES, C. & SERANTES, A. 2002. "Castillo de Santa Cruz: Un centro de educación ambiental para Galicia". En *III Jornadas de Educación Ambiental*, Pamplona, 1998. Documentos CENEAM.
- XUNTA de GALICIA, 2000. *Estratexia Galega de Educación Ambiental*. Centro de Información e Tecnoloxía Ambiental, Consellería de Medio Ambiente, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.



Fondo fotográfico do CEIDA



Ponta do Sol  
Illa de Santo Antão-Cabo Verde

© Xacobe Meléndrez